

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO SERVIZO DE ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE ROIS.

1.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de escola municipal de música do Concello de Rois, cuxa codificación é CPV 92312000-7 (Categoría 26 anexo II do TRLCSP). A prestación do servizo realizarase con arranxo ás condicións e características establecidas no presente prego de cláusulas administrativas e no de prescrición técnicas.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Real decreto legislativo 2/2011 do 14 de Novembro , polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP o presente contrato de servizo non está suxeito a regulación harmonizada ao non acada-la categoría establecida no artigo 16 do TRLCSP.

2.-RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.

O presente contrato de servizo ten carácter administrativo e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente a lexislación de contratos do sector público e normas complementarias; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto , as normas de dereito privado.

As cuestión litisioxas xurdidas sobre interpretación , modificación , resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación , cuxos acordos poñeran fin á via administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso - administrativo , conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción , logo da interposición , se é caso, do recuso de reposición potestativo e sen perxuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP os interesados deberán interpoñer o recurso esepcial en materia de contratación.

3.- ORGANO DE CONTRATACIÓN E PRERROGATIVAS.

Ó organo competente para contratar , segundo consta en informe de intervención é o Alcalde , e correspóndelle en consecuencia as atribucións para interpretaralo , resolve-las dúbidas que ofrezca a súa execución , modificalo e acorda-la súa resolución , de conformidade co establecido polo artigo 210 do TRLCSP.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as personas naturais ou xurídicas españolas ou extranxeiras , que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstanacias que enumeran o artigo 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP. Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un , así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha das empresas a documentación esixida no presente prego e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria a unión temporal , deberá formalizar esta en escritura pública , así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de 15 días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación , e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigadas solidariamente diante da administración.

5.- CLASIFICACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP a esixencia de clasificación non será necesaria para os contratos de servizos clasificados dentro da categoría 26 do anexo II como é no presente caso.-

6.- PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO.

6.1.- PREZO.

O presuposto base de licitación polo período de duración do contrato será de **124.625,00** Euros.

Este servizo está exento de IVE , de conformidade co establecido polo artigo 20.9 da Lei 37/1992 de 28 de Decembro do Imposto do Valor engadido.

6.2.- FINANCIAMENTO.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual , ditos gastos financiaranse con arranxo ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De conformidade co disposto no artigo 110.2 do TRLCSP a adxudicación quedará suxeita a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

7.- RETRIBUCIÓN DO ADXUDICATARIO.

Estará constituído polo importe que resulte da adxudicación do contrato. A forma de pagamento será por períodos mensuais vencidos , en virtude de factura expedida cos requisitos establecidos na normativa viente e que deberá ser conformada polos servizos municipais. Ademais deberá ter en conta que a matrícula inicio do curso fíxase entre 44 e 55 alumnos. Por cada alumno que cause baixo por debaixo do mínimo marcado(44 alumnos) o Concello detraerá 100,00 Euros mensuais ou a parte proporcional que corresponda no mes en cuestión.

O adxudicatario presentará dentro dos 2 últimos días hábiles do mes natural unh lista nominal do alumno atendido e desglosado por curso e especialidades.

En calqueira caso a empresa adxudicataria non estará obrigada a impartir máis horas de docencia das que se impartiron no curso 2013- 2014, posto que o prezo de licitación é en función do datos do curso pasado.

8.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será polo período que resta para finalizar o curso académico 2014/2015 e o curso completo 2015/2016. Entendéndose como curso escolar o período comprendido entre o 15 de Setembro e o 30 de Xuño , amolos dous inclusive

9.- REVISIÓN DE PREZOS.

Atendendo a natureza do servizo non procederá en ningún caso a revisión de prezo do presente contrato e polo tanto non se lle aplicará fórmula de revisión.

10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O procedemento de adxudicación do contrato da prestación do servizo da escola municipal de música do Concello de Rois, será **ABERTO**, quedando excluído toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, artigo 157.

11.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

As ofertas presentaranse no Rexisto xeral do Concello de Rois, en horario de atención ao público (8.30 a 15:00

horas) de luns a veres (09:00 a 13:00 horas os sábados) no prazo de **15 días naturais , a partires do día seguinte ao da inserción do correspondente anuncio no BOP.**

As ofertas presentaranse por correo , telefax , ou por medios electrónicos , informáticos ou telemáticos , en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro , de réxime xurídico das adminsitracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envíen por correo , e empresario deberá xustificar a data de imposición do envío no oficina de correos e anunciar ao organo de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día , consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixenbcia estendida polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, tanscorridos 10 días seguintes a ese data sen que se recibiu a documentación , esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir ademais os requisitos establecidos na disposición adicional novena do Real decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro, polo que se aproba o texto refundida da Lei de contratos do sector público.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal . A infracción destas normas dará lugar a non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente prego.

12.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA(SOBRE A) e OFERTA ECONÓMICA (SOBRE B).

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados , asinados polos candidatos e con indicación do domicilio a efectos de notificacións e nº de inscrición no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia de se-lo caso , nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “ **Oferta para tomar parte na licitación do servizo de escola municipal de música**”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre A: documentación administrativa.**
- **Sobre B: Oferta económica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinaris ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos.

SOBRE A.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

1.- ÍNDICE DE DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O SOBRE.

Farase constar , dentro de sobre e na primeira páxina , en folla independente , un **índice** dos documentos que o integran , enunciado numéricamente.

2.- A CAPACIDAD DE OBRAR DOS EMPRESARIOS ACREDITARASE:

a).- Do empresario individual: fotocopia do DNI , pasaporte ou documento que o substitúa.

b.- A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante escritura ou documento de constitución , os estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público , que corresponda, según o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c.- A capacidade de obrar dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros** da unión europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidas , ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente , de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

d.- Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

3.- PODERES:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañase poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no rexistro mercantil nos casos en a dita inscrición sexa esixida polo regulamento de rexistro mercantil.

4.- PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR OU INCOMPATIBILIDADE:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 do TRLCSP , axustada ao ANEXO II, que como modelo atópase unido ao presente prego de cláusulas.

5.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA.

O empresario acreditará a solvencia económica e financeira por un ou varios dos medios establecidos no artigo **75 do TRLCSP**.

6.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia técnica ou profesional do xeito seguinte:

a.- Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 3 anos, incluíndo importe , datas e destinatario público ou privado dos mesmo. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado , mediante un certificado expediente por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b.- Titulacións académicas ou profesionais do empresario ou do personal directivo da empresa e , en particular , do personal responsable da execución do contrato.

c.- Declaración de material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións , á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

7.- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ATOPARSE AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS.

Certificación ou documento acreditativo de que o contratista atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. Non obstante os licitadores poderán presentar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa atópase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da seguridade social, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación soliciten coa maior urxencia a correspondente certificación da administración tributaria e da seguridade social vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación , polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta (**ANEXO II**).

8.- UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS: Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen , participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE , caso de resultar adxudicatarias , de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

9.- DECLARACIÓN DE EMPRESAS VINCULADAS: No se caso de que a empresa conorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo , nos termos a que se refire o artigo 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social , debendo constar este documento en cada

unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

10.- AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA A OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL CO ESTADO EN PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN.

Axustarase ao seguinte modelo: D/ D^a

Con residencia.

Provincia de

Rúa nº .

Segundo DNI nº

En nome propio ou da empresa

Á que presenta no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo da escola municipal de música

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos , sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co estado e da seguridade social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, de protección de datos de carácter personal, Lei do imposto sobre a renda das personas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da seguridade social e demais disposicións de aplicación , sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

11.- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do estado ou das comunidades autonomas.

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estaen inscritas acompañando o correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refiran o artigo 328 do TRLCSP , en cuyo caso estarán dispensadas de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Á certificación deberá acompañarse unha declaración responsable do licitador na que manifesta que as circunstancias reflectivas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse no caso de resultar adxudicatario no documento no que se formalice o contrato , artigo 146 do TRLCSP.

No obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, quedan

dispensados de presentar os documentos referidos nos apartados 2), 3), 4), 6) , siempre que os citados documentos estean vixentes.

SOBRE B.- OFERTA ECONÓMICA.

O sobre B) subtítulo oferta económica , conterá a proposición económica formulada estritamente conforme ao modelo que figura como **ANEXO I** do presente prego. Aos efectos de poder valora-las ofertas económicas, conforme aos criterios que figuran no prego de prescripción técnicas como cláusula 8 deberá acompañarse a documentación seguinte:

1º.- PROXECTO DE XESTIÓN(prego de prescripción técnicas , cláusulas 2 e 8.1).

2º.- ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA(Prego de prescripción técnicas , cláusula 8.2).

3º.- PROPOSTA DE MELLORA(prego de prescripción técnicas , cláusula 8.3).-

4º.- MELLORA Á BAIXA DO TIPO DE LICITACIÓN (Prego de prescripción técnicas, cláusula 8.4).

De formularse baixa no tipo de licitación deberá facerse constar no modelo que figura como ANEXO I.

13.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.,

13.1.- En consonancia co artigo 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

13.2.- Os que resulten adxudicatarios do contrato deberá constituir unha garantía do 5/ % do importe de adxudicación.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes fórmulas:

a.- En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan,.

b.- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos Bancos, Caixas de aforro , cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizadas para operar en España , que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c.- Mediante contrato de seguro de caución , celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan , cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Real decreto legislativo 3/2001 de 14 de Novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

14.- ADXUDICACIÓN.

14.1.- Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato, á proposta da Mesa de contratación , e de acordo cos criterios de valoración que figuran no clausulado do prego de prescricións Técnicas á oferta que considere máis vantaxosa das presentadas, sen perxuízo do dereito da administración a declaralo deserto.

14.-2.- Rrexeitamento de proposicións. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, e excedese do orzamento base de licitación , variase substancialmente o modelo establecido ,ou comportase erro manifesto no importe da proposición , ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable , será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis ventaxosa , mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico , ou declarar deserta a licitación , motivando en todo caso a súa resolución con referencia so criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

Cando identifíquese unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal darase audiencia ao licitador para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma , en particular no que se refere ao aforro que permita o procedemento de execución , as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoña para executar a prestación , a orixinalidade das prestacións propostas , o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar ou a posible obtención dunha axuda do estado.

O carácter desproporcionado ou anormal das baixas apreciarase de conformidade co disposto no artigo 152 apartados 3 e 4 do TRLCSP de acordo cos criterios obxectivos que se establezan regulamentariamente.

14.3.- Renuncia.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á realización do servizo , realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) apertura de plicas b.- a proposta da Mesa de contratación, c) a adxudicación , d) antes da formalización do contrato, e) a recepción...etc faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía , sen perxuízo da esixencia de indemnización polo danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP. Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituir qa garantía provisional, a corporación local poderá esixir o dito importe , mediante o procesamento de constrinximento , así como para a indemnización por danos e perdas.

15.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Celebrada a Mesa de contratación e clasificadas as ofertas, o órgano de contratación mediante resolución motivada requirirá ao licitador para que no prazo de 10 días hábiles , a contar dende o día seguinte a aquel en que recibise o requerimento presente a documentación xustificativa:

a.- De estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

B.- Declaración responsable de dispoñer efectivamente dos medios a que se comprometese a dedicar á execución do contrato.

C.- Constituir a garantía definitiva por importe deo 5% do importe de adxudicación excluído o IVE , por calquera dos medios a que se refire o artigo 95 do TRLCSP.

De non cumprirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma adocumentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O organo de contartacón deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e simultaénamente publicarase jno perfil do contrante.

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución , e que mantiven impagados os importes

correspondentes a avais ou seguros de caución xa executadas 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requerimento de pagamento. Para estes efecto o contratista antes de constituir o aval ou o seguro de caución deberá informar a entidade avalista ou aseguradora do disposto neste cláusula , sen que podía alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola administración.

16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da adxudicación. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

17.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL.

O contratista deberá cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, ás disposicións vixentes en materia laboral , de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o personal necesario para a realización do obxecto do contrato , respecto do que ostentará , a todos os efectos, a condición de empresario.

18.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

19.- RESPONSABILIDADE.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivadas de todos os danos , perxuizos e accións de calquera natureza que sexan ocasionadas a terceiras personas polo seu personal ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía do servizo. Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración , será esta responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

20.-CUSTODIA E CONSERVACIÓN.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos recursos afectos ao servizo da Escola Municipal de Musica e que se atopan inventariados no prego de prescricións técnicas.

No caso de que se producisen deterioros , danos ou perdas, como resultado dun uso indebido ou negligente do mesmo o adxudicatario deberá responder dos mesmos. Asimesmo o concello resérvase o dereito para facer uso das instalacións por motivos de programación cultural.

21.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS E VARIOS.

O adxudicatario virá obrigada a pagar todos os gastos , de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación.

22. OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA:

22.1.- O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescrición técnicas, así como as instrucións que no seu caso ,lle derá o responsable do contrato designado polo organo de contratación.

Son obrigas específicas do contratista:

- 1.- Verificar o traballo desenrolado polo seu personal.
- 2.- Esixir as personas que compoñen a súa organización o cumprimento íntegro das súas obrigas derivadas da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal 15/1999.
- 3.- Garantir a aplicación dos códigos éticos.
- 4.- Organizar os calendarios de actividades.
- 5.- Manter reunións de coordinación técnica co Concello nunha frecuencia quincenal.
- 6.- Asumir a responsabilidade do correcto funcionamento do servizo , así como dos danos que o personal puidera ocasionar no cumprimento do seu traballo, por calquera causa, nos locais onde se leve a cabo a prestación do servizo, xa sexa no mobiliario , instalacións ou obxectos persoais.
- 7.-Presentar a memoria de actividade sobre o traballo desenvolvido.
- 8.- A adxudictaria deberá facer constar no momento no que termine o servizo que conta co visto e bo da dirección do centro no que se refire as instalacións ou en caso contrario asumir a reparación dos posibles desperfectos que se producisen non transcurso do servizo.
- 9.- O contratista queda obrigado ao cumprimento de todas e cada unha das cláusulas , así como á prestación do servizo de conformidade co establecido no prego de prescrición técnicas que rexen a contratación.

22.2.-O ontratista deberá gardar sxiilo respecto aos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios , esteann relacionados co obxecto de contrato e chegarán ao seu coñecemento con ocasión deste (Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal).

23.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo , así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa pro parte da administración . Cando o contratista por causas imputables ae ste incorrese en demora respecto do cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 Euros do prezo do contrato. A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumplimento por parte do contratista dos prazos parciais , ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total. Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo de **5%** do prezo do contrato, o organo de contratación está facultado para proceder a súa resolución ou acordar a continuidade da sua execución con imposición de novas penalidades.

24.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato poderase modificar por razóns de interes público e para atender causas imprevistas debidamente xustificadas , de acordo co establecido nos artigos 201 e 219 do TRLCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 do TRLCSP.

25.- SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

Se a administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo **220 do TRLCSP** ,levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión , a administración aboará ao contratista , no seu caso, os danos e perxuízo efectivamente sufridos por este , os cales cifraranse conforme ao disposto nos apartados **2 e 3 do artigo 309 do TRLCSP.**

26.- CESIÓN DE CONTRATO.

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de servizo sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación , cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados dende a autorización expresa polo organo de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar a resolución do contrato.

27.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

27.1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cuando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da administración.

28.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución acordada pola concorrencia d'alguna das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.



ANEXO I.- Modelo de proposición económica

Don con domicilio en, rúa co DNI actuando en nome propio (ou en representación de) informado da licitación para a contratación do servizo da escola municipal de musica. Manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de bases técnicas e condicións administrativas.

2.- Que se compromete a prestar o servizo citado no prezo de euros.(en letra e número)(o coste do servizo incluírá tempo de servizo que resta para finalizar o curso académico 2014/2015 e o curso académico 2015/2016).

..... ,,, de..... De 2014.

ANEXO II.- DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Don / Donacon DNI en con domicilio en

No caso de persona xurídico :

En representación da empresa constituida(referencia á escritura).
Acreditando a súa representación a través do poder (referencia a escritura):

DECLARA:

1º.- Que son certos os datos indicados e que a empresa á que representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixida nos artigos 54 e 72 do TRLCSP.

2º.- Que a empresa a que representa , non incurren en ningunha das prohibicións poara contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP e que especialmente atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridad social que imponen as disposicións vixentes.

3º.- Que coñece o prego de cláusulas dministrativas particulares que serven de base o contrato e que o acepta integramente.

En A De .2014.

Rois, a.... de 2014.

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ROIS.

1.- OBXECTO

O presente contrato ten por obxecto a xestión e docencia da Escola Municipal de Música de Rois. O proxecto educativo vaise basear na Orde do 11 de marzo de 1993 pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto atópase incluído nos supostos do artigo 10 da Lei 30/2007 de 30 de outubro do Sector Público. A prestación realizarase nos locais da Escola Municipal de Música, situada no lugar dos Dices, en Rois, facilitados polo Concello de Rois.

2.- TITULARIDADE DO SERVIZO

A titularidade do servizo correspóndelle ao Concello de Rois.

3.- OBXECTIVOS DO SERVIZO

Os obxectivos do contrato son ofrecer unha ensinanza musical específica e de calidade mediante o ensino musical de carácter non regrado e máis concretamente:

- a) Fomentar o coñecemento e apreciación da música, iniciando os nenos, desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe.
- b) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.
- c) Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumnado así o aconsellen, proporcionando, de ser o caso, a preparación axeitada para acceder a este ensino.
- d) Ofrecer un ensino instrumental, orientado tanto á práctica individual coma á práctica de conxunto.
- e) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.
- f) Fomentar no alumnado o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.
- g) Adecuar a programación da ensinanza aos intereses, dedicación e ritmo de aprendizaxe do alumnado, tendo en conta que este ha de ter unhas mínimas condicións que lle permitan o aproveitamento adecuado das

ensinanzas recibidas. En consecuencia, liberdade e autonomía na planificación da súa oferta en prol dunha mellor adecuación aos intereses e aptitudes do alumno/a.

h)Potenciar o gusto pola audición de todo tipo de estilos musicais e desenvolver o espírito crítico, tanto a nivel do alumnado coma da poboación.

i)Incidir positivamente na cultura popular musical, non só a través da formación do propio alumnado, senón tamén pola acción difusora directa da música na sociedade mediante unha constante actividade pública coa participación nas diferentes actividades culturais que se realicen no concello.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será polo período que resta para finalizar o curso académico 2014/2015 e curso completo 2015/2016. Entendéndose como curso escolar o período comprendido entre os meses de Outubro e xuño , amolos dous inclusive.

5.- OFERTA EDUCATIVA.

5.1 ÁMBITOS EDUCATIVOS PRINCIPAIS

Ciclo 0: Aprendizaxe Musical Temperán para alumnado de 0 a 2 anos. Musicoterapia.

Educación Musical Temperán:

A Educación Musical Temperán terá como obxectivo o descubrimento e o desenrolo das capacidades expresivas, musicais e psicomotores do neno. O punto de partida será o movemento e a voz, para alimentar, guiar e desenrolar a sensorialidade auditiva, co fin de que o neno ame a música sendo, dende un principio, receptor activo da mesma.

Así mesmo, deberá espertar o interese auditivo dos nenos mediante o estímulo da curiosidade e a atención cara todo fenómeno sonoro, posto que é o camiño máis seguro para a sensibilización do oído, preparando ao neno para a comprensión e execución musical.

Dado que o canto camiña paralelamente ó desenrolo auditivo, iniciarse o programa de coñecemento dos sons a partir deste. Considerando que coñecemento intelectual ven a través dos sentidos, desde o punto de vista global, a música será vivida como unha linguaxe viva, natural... Os xogos musicais irán cubrindo un campo de experiencias básicas sobre o que poderá encararse máis tarde unha sistematización dos coñecementos musicais.

Musicoterapia:

Cada persoa ten unhas necesidades individuais que poden ser comúns aos demais ou non, debido á etapa evolutiva na que se atope ou por tratarse dunha persoa con necesidades específicas de apoio propias dunha patoloxía en concreto.

A musicoterapia é unha ferramenta moi axeitada para lograr obxectivos terapéuticos a través da música xa que, dun xeito moi natural e lúdico, pódense levar a cabo técnicas que leven consigo melloras partindo das capacidades de cada persoa.

O traballo musicoterapéutico elabora os seus obxectivos segundo as características de cada persoa, pero en xeral, estes centranse nos seguintes campos:

- Terreo emocional
- Terreo comunicacional
- Terreo social
- Terreo relacional

O fin que se pretende conseguir é unha mellora na saúde e no benestar global da persoa. Para isto, a musicoterapia conta con dous acercamentos metodolóxicos claves: a musicoterapia activa (a través da interpretación musical e sonora) e a musicoterapia receptiva (relaxacións e visualizacións a través da escoita musical), que poden levarse a cabo individualmente, por separado ou complementarse segundo as necesidades e as capacidades de cada persoa. As sesións poderán ser individuais ou de pequeno grupo tendo en conta, como sempre, as características, necesidades e capacidades dos participantes na mesma.

Ciclo 1: Iniciación Musical Infantil para alumnado de 3 a 7 anos. Música e Movemento.

Iniciación Musical Infantil:

A educación Musical Infantil terá como fin lograr o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas, musicais e psicomotrices do neno. Para isto empregárase un método pedagóxico específico que permita posteriormente a elección dun instrumento segundo as súas preferencias e aptitudes.

Non haberá nivel de competencia. Potenciarase o desenvolvemento harmónico da personalidade do neno a través da interacción co persoal docente e co resto dos compañeiros e compañeiras por medio da actividade sonora. Adquirirá conciencia de si mesmo como un ser en harmonía interior e cos que o rodean. Progresivamente irá tomando contacto co instrumento específico a partir dos 7 anos.

A ensinanza estará dirixida a nenos de 3 a 7 anos e realizarase de forma colectiva.

Os contidos básicos deste ámbito serán os seguintes:

- O desenvolvemento da voz, na súa dobre vertente de linguaxe e canto.
- O contacto coas fontes sonoras a través de materiais diversos, obxectos e instrumentos.
- O recoñecemento e a representación en grafías non convencionais de parámetros referidos a duración, intensidade, altura, timbre etc.
- A iniciación á grafía convencional.
- O desenvolvemento da percepción auditiva e do pensamento musical.
- A utilización do movemento como medio de expresión e sensibilización motriz, visual e auditiva, para coñecer o propio corpo, desenvolver o sentido rítmico e fomentar as relacións sociais.

Organizarase en dúas materias:

- Materia de música e movemento de 3 a 7 anos
- Materia optativa de conxunto coral infantil para 6 e 7 anos

Ciclo 2: Formación Musical para alumnado a partir de 7 anos. Materias: Linguaxe Musical, Práctica Instrumental e Actividades de Conxunto

Conceptualizará o instrumento como un elemento expresivo máis e de desenvolvemento da súa propia personalidade e sensibilidade. O aspecto puramente técnico potenciarao o docente só con carácter instrumental, como elemento necesario para mellorar a expresividade do alumnado.

Se a iniciación lle é impartida a unha persoa que toma por primeira vez contacto coa música, isto é, que non provén do Ciclo 1, cómpre adaptar a pedagogía á súa idade e condicións. A competencia que se pretende conseguir é a dun alumno ou alumna que supera o Grao Elemental de Conservatorio.

Os contidos básicos deste ámbito serán os seguintes:

- O desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotrices, auditivas e expresivas, así como a paulatina adquisición de nocións básicas e avanzadas de lectura e escritura musical.
- A adquisición de vivencias musicais cos seus compañeiros e compañeiras de grupo, o que lles permitirá enriquecer a súa relación

afectiva coa música a través do canto, o movemento, o instrumento, as audicións etc.

A ensinanza neste ámbito realizarase de forma tanto colectiva coma individual e organizarase do seguinte xeito:

- Materia de Linguaxe Musical. Do primeiro ao cuarto cursos serán comúns para todo o alumnado independentemente da especialidade instrumental que cursen.
- Materia de Práctica Instrumental. Esta materia organizarase por módulos, a razón dun módulo por curso durante os catro primeiros cursos (do primeiro ao cuarto módulo) e dous módulos no quinto e sexto curso (do quinto ao sexto módulo), e a súa duración estará adaptada á evolución do alumno ou alumna.
- Materia de Conxunto Coral. O primeiro curso será común para todo o alumnado independentemente da especialidade instrumental que cursen.
- Materia de actividade de Conxunto, común para todo o alumnado a partir do 2º curso.

ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS coas que o alumno ou alumna pode exteriorizar a música que xa leva dentro e integrarse nunha agrupación, vocal ou instrumental, para facer música con outro alumnado, ao tempo que completa a súa formación musical. A oferta de especialidades instrumentais que se impartirán agrúpase en:

A) Música Instrumental Sinfónica

- Violín
- Viola
- Violoncello
- Contrabaixo
- Fruta Traveseira
- Óboe
- Fagote

- Clarinete
- Saxofón
- Trompeta
- Trompa
- Trombón
- Bombardino - Tuba
- Percusión

B) Música Instrumental Polifónica

- Acordeón
- Arpa
- Piano
- Guitarra clásica

C) Tendencias Diversas (jazz, pop, rock, música moderna en xeral)

- Guitarra Eléctrica
- Baixo Eléctrico - Contrabaixo
- Teclados
- Batería - Multipercusión

D) Tendencias Tradicionais (música tradicional en xeral)

- Gaita
- Zanfona
- Percusión Tradicional

AS ACTIVIDADES DE CONXUNTO entre as que o alumnado poderá elixir serán:

- Conxunto Coral
- Conxunto Instrumental

**Ciclo 3: Formación Musical Amateur, para alumnado a partir de 12 anos.
Materias: Linguaxe Musical, Práctica Instrumental e Actividades de Conxunto**

Non ten máis límite de competencia ca o interese, dedicación e capacidade do alumno ou alumna. Competencia que se potenciará con carácter xeral, a través da participación dos conxuntos da Escola.

A participación do alumno/a nunha agrupación vocal ou instrumental representa un dos principais obxectivos da ensinanza na Escola de Música. Para potenciar a motivación do estudante hai que lle dar a oportunidade de pór en práctica o aprendido canto antes, sen agardar a ter unha gran base técnica. Se esta actividade se pon en práctica dentro dun grupo, aínda que este sexa reducido, convértese nunha experiencia única.

O contido básico deste ámbito será que as actividades de conxunto teñan a maior importancia dentro da Escola de Música, tanto de carácter vocal coma instrumental, clásicos ou modernos. Tamén se ha ter en conta o nivel e aptitudes do alumnado, así como os medios dispoñibles da Escola.

Estará dirixida a: mozos e mozas a partir de 12 anos e persoas adultas.

ORGANIZACIÓN

A ensinanza neste ámbito realizarase de forma tanto colectiva coma individual. Non estará estruturada nun número de cursos concretos, mais esixiráselle a realización de catro cursos de linguaxe musical ao alumnado sen coñecementos musicais previos.

Organizarase nas seguintes materias:

- Materia de Linguaxe Musical, unicamente para alumnos sen coñecementos musicais previos.
- Materia obrigatoria de Conxunto Coral para adultos.
- Materia obrigatoria de actividade de Conxunto , para todo o alumnado.
- Materia optativa de Linguaxe Musical ou Harmonía para alumnado con coñecementos musicais.
- Materia obrigatoria de Práctica Instrumental ou Vocal para todo o alumnado.

ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS: As descritas no ciclo 2

AS ACTIVIDADES DE CONXUNTO: As descritas no ciclo 2

Ensinanza Reforzada

O alumnado que polo seu interese, calidades e dedicación, soliciten unha ensinanza reforzada, co obxectivo de presentarse ás probas de acceso ao primeiro ciclo de grao profesional da ensinanza regrada, disporase dun grupo especial de linguaxe musical avanzado, cuxos contidos estarán adecuados á superación dunha proba de acceso, limitada a dous cursos escolares.

AGRUPACIÓNS

Daráselles cabida, dentro da estrutura do Centro, a todas aquelas agrupacións musicais con identidade e actividade propia, xa creadas ou por crear, que desexen estar integradas nel e dispoñer da súa organización, dotación, profesorado etc.

6.- ORDENACIÓN DAS ENSEÑANZAS

As ensinanzas que se van impartir na Escola Municipal de Música de Rois estruturaranse en ciclos e poderán ser: ensinanza principal e ensinanza de conxuntos:

TEMPOS LECTIVOS

Ciclo 0:

Educación Musical Temperán: 45 minutos semanais/colectivo (entre 4 e 8 alumnos por sesión).

Musicoterapia: 45 minutos semanais/colectivo ou individual segundo as necesidades específicas.

Ciclo 1:

Música e Movemento: 60 minutos semanais/colectivo (entre 6 e 12 alumnos por sesión).

Conxunto Coral: 60 minutos semanais/colectivo

Ciclo 2:

Linguaxe Musical: 90 minutos semanais/colectivo (entre 6 e 12 alumnos por sesión).

Práctica Instrumental: 60 - 30 minutos semanais/individual

Actividades de Conxunto/Coral: 60 minutos semanais/colectivo

Ciclo 3:

Linguaxe Musical: 90 minutos semanais/colectivo (entre 6 e 12 alumnos por sesión).

Práctica Instrumental: 60 - 30 minutos semanais/individual

Actividades de Conxunto/Coral: 60 minutos semanais/colectivo

Ensinanza Reforzada: 90 minutos semanais/colectivo (entre 6 e 12 alumnos por sesión).

7.- RECURSOS PERSOAIS ADSCRITOS AO SERVIZO

A empresa adxudicataria deberá dispoñer en todo momento de persoal suficiente para a prestación do servizo. Este persoal contratado deberá estar en posesión como mínimo da titulación correspondente esixida para cada nivel ou titulación equivalente para as especialidades en que exista titulación específica.

O claustro de profesorado da Escola de Música estará composto polos responsables de todas as especialidades impartidas.

O persoal adscrito a estes servizos atenderá ao bo uso dos instrumentos, instalacións e inmobles achegados polo Concello de Rois.

Non obstante, en ningún caso poderá considerarse que o persoal da escola de música ten relación laboral contractual ou de ningunha natureza respecto ao Concello, debendo o adxudicatario cumprir con todas as obrigas fiscais e laborais ás que estea sometido.

8.-CRITERIOS E BAREMO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO.

8.1.- PROXECTO DE XESTIÓN: Valorarase a adecuación do programa presentado polo licitador aos obxectivos de servizo,e á oferta educativa previsto no prego de prescricións técnicas, a completitude do documento e o grado de integración da proposta respecto do contexto social e cultura no que se insire a

actividade da escola municipal. Puntuarase o proxecto ata un máximo de 6 puntos.

8.2.- EXPERIENCIA ACREDITADA:

8.2.1.- A experiencia acreditarase indistintamente , ben mediante a obtención previa de prestación de servizos homólogos por parte do adxudicatario , ou ben mediante a experiencia personal acreditada en cargos directivos polas personas propostas para tales cargos pola entidade concorrente, en cuio caso a proposta de cargos directivos será vinculante en caso de adxudicación. No caso de experiencia do equipo directivo proposto , tomarase como referencia a experiencia acreditada polo Director e Xefe de estudos propostos para a Escola de musica, puntuándose a razón de 0,2 puntos por ano en cargos homólogos e sendo a puntuación total a suma das puntuacións obtidas por cada uno dos cargos directivos propostos. Deberá presentarse acreditación suficiente destes extremos para poder ser obxecto de valoración. O Concello podrá solicitar os informes correspondentes das entidades nas que se teñan prestado os servizos alegados para a súa valoración , e de acordo co contido dos mesmos, considerar ou no a experiencia alegada.

A suma total da puntuación polo apartado de “ experiencia acreditada” , sexa en razón da entidade adxudicataria ou en razón da experiencia personal dos cargos directivos , non poderá exceder dos 2 puntos.

8.3.- Propostas de mellora: Actividades de dinamización musical no Concello. Ata 1 punto.

8.4.- Mellora á baixa do tipo de licitación: Ata 1 punto.

9.- OBRIGAS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

- Prestar o servizo de forma regular e continua, coa dilixencia debida e tendo a obriga de cubrir as baixas de persoal que adscriba para a prestación do servizo e que se produzan por accidente, enfermidade e outras causas durante a vixencia do contrato, de xeito inmediato.

- Asignar ao servizo directo o personal docente e directivo dacordo coa proposta formulada e mantelo de forma estable, sen que se permitan variacións constantes.

- Darlle conta ao Concello das incidencias que se produzan na prestación do servizo concertado.

- Observar a lexislación vixente en materia laboral, social e tributaria e en especial o cumprimento das obrigas derivadas da relación co persoal integrado na prestación do servizo.

- Manter en bo estado o inmovible, as instalacións e materiais municipais afectos ao servizo e os instrumentos que o Concello de Rois poña á súa disposición, realizando pola súa conta as reparacións ou reposicións do material que sufra deterioracións como consecuencia da negligencia do prestador do servizo.

- En ningún caso as relacións laborais suporán dependencia directa do persoal afecto ao servizo respecto do Concello de Rois.
- O obxecto do contrato cumprirse de acordo coas directrices marcadas polo Concello e respectarase o calendario escolar e os horarios establecidos para impartir as clases.
- A empresa adxudicataria asumirá a súa responsabilidade civil e a do seu persoal adscrito ao contrato a través das pólizas de seguro que precise segundo o seu convenio e cuxa cobertura alcance calquera continxencia ou eventualidade que se produza durante o período de vixencia do contrato.
- Obriga de cumprir o establecido na Lei de Protección de Datos de carácter persoal.
- O concesionario deberalle presentar mensualmente ao Departamento de Cultura do Concello a relación do alumnado e as materias cursadas por estes, para a recadación do prezo público.
- Ao final do curso deberase presentar unha memoria coas actividades realizadas.
- Presentar xunto coa oferta o proxecto ou planificación de actividades, actuacións ou previsións de actos anuais a desenvolver.

10.- OBRIGAS DO CONCELLO

- O Concello proporcionará as instalacións precisas do inmovible, habilitadas para o correcto funcionamento do servizo, procurándose suficientes aulas e espazos para o correcto desenvolvemento das actividades.

Correrán por conta do Concello os gastos do inmovible que se detallan deseguido, polos seguintes conceptos:

- Obras de reforma: ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo do inmovible.
- Obras de reparación necesarias para emendar un menoscabo producido no inmovible por causas fortuítas ou accidentais. Cando afecten fundamentalmente á estrutura resistente terán a cualificación de gran reparación e, no caso contrario, de reparación simple.
- Obras de conservación para emendar a deterioración do inmovible polo seu uso natural.

- Así mesmo, o Concello achegará a dotación instrumental para o desenvolvemento do servizo que se especifica na epígrafe seguinte, así como os gastos ocasionados polo mantemento dos instrumentos como reparacións ou afinacións.

- Gastos correntes de auga, luz e calefacción, teléfono así como os de prestación do servizo de limpeza.

11.- DOTACIÓN INSTRUMENTAL E MATERIAL INVENTARIABLE:

- 1 Saxofón Alto Mib - Yamaha - Mod: Yas 275 con estoxo.
- 3 Clarinetes Sib - Yamaha - Mod: 450 con estoxo.
- 1 Guitarra Española - Admira - Mod: Pomba con funda.
- 1 Acordeón - PIGINI - Mod: 2215 con funda.
- 1 Teclado - Thomann - Mod: SP 5100 con soporte.
- 1 Batería - Yamaha - Mod: ANTWER P 159888/3084.
- 1 kit de Pequeña Percusión.
- 1 Equipo de Música - Thomson - Mod: CS 507.
- 1 Equipo de Música - Sony.
- 1 Fotocopiadora - HP - Mod: CM 1312.
- 9 Atriles Plegables Witter.
- 10 Atriles Negros Tcm.
- 2 Soportes de Guitarra.
- 1 Sillín Batería Pearl D70W.
- 5 Pizarras.

Dilixencia para facer constar que o presentes pregos de clausulas administrativas particulares e de prescricións técnicas foron aprobados por resolución de Alcaldía de data 28 de Novembro de 2014.

Rois, a 28 de Novembro de 2014.

Secretario.

Diego Losada Romero.